

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA E XUNTA PAS
OEP 2020 - ACTA N° 1

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe de Servizo de PAS

Jose Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Jose Estévez Vázquez (CCOO)

María C Rodríguez Prieto (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

José Luciano Otero Camiña (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

XUNTA PAS

Xan M. Cebrero Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

Sofía Conde Casas (CIG)

José Antonio Gándara Pérez (CIG)

María Moreira Sendón (UGT)

Mónica Méndez López (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Susana Viña Martínez (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

Rodrigo Alverte Pividra (CIG)

DELEGADA SINDICAL

Rita Velasco (CCOO)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e Xunta de Persoal, mantiveron unha reunión ás 09:30h, do 27 de outubro de 2020 na Sala 20 do campus remoto, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior do 22 de outubro do 2019.
2. Proposta de Oferta de Emprego Público do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo 2020
3. Rolda de intervencións.

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

Logo de non haber alegacións, apróbase por asentimento a acta nº2 da reunión mantida o 22 de outubro de 2019.

2. Proposta de Oferta de Emprego Público do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo 2020

A Xerenta comeza a reunión dicindo que se estudaron as prazas vacantes e tendo en conta que en 2019 se produciron 3 baixas por xubilación e non houbo nin reingresos nin falecementos, de acordo coa Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2018 que está vixente e a Lei de orzamentos de Galicia que se remite á Lei estatal, permítese unha taxa de reposición do 100%. A maiores hai unha sentenza dunha traballadora laboral indefinida non fixa, que non computa na taxa reposición, nunha praza de Técnico Especialista de bioloxía do grupo III, por último non habería lugar a reserva de prazas por discapacidade. O reparto que propón xerencia son tres prazas de TE de Biblioteca e como o convenio colectivo establece que, das prazas que se convoquen hai que reservar como mínimo un 50% a promoción interna, a provisión serían 2 prazas por promoción interna e 1 praza por acceso libre. A praza de TE de Bioloxía sería por acceso libre.



3. Rolda de intervencións

O presidente da Xunta PAS di que non puideron ter reunión da Xunta e non pode expresar a postura dos compañeiros de UGT pero na opinión da CIG, dúas das prazas de persoal xubilado son da RPT de funcionarios polo tanto corresponderían ao cota de funcionarios. O que propón é que na futura oferta de emprego público de auxiliares administrativos que se acumulen as dúas prazas. Lembra que nos últimos anos cederon todas as prazas de reposición á OPE de laborais e entenden que dado que agora hai en trámite unhas bases para a negociación dunha OPE de auxiliar administrativo cre que é xusto que se acumulen para a OPE de auxiliar administrativo.

María Moreira escribe no chat para que quede constancia que dende UGT funcionario apoian a proposta da Ciga exposta polo presidente da Xunta PAS, polo que ratifican a postura da Xunta de Persoal.

Carlos Mollinedo di que na reunión da OPE do ano anterior se acordara que se enviarían as vacantes, polo que pide que se acheguen. Engade que na proposta enviada esperaba que polo menos se tivera ofertado o 50% da D.A 9^a. Co cal conclúe que non comparte o documento achegado.

A Xerenta responde que comprobará se non se enviaron as vacantes e de ser así chegaranxe nos vindeiros días. En relación co cumprimento do disposto na DA9^a preténdese facer a través da proposta de funcionarización que se vai a negociar.



Universidade de Vigo

O presidente do CEO lembra que xa o ano pasado a súa postura era a de ir completando categorías profesionais. Están de acordo coa proposta e xerencia xa que efectivamente no tema das Bibliotecas se cumpre o requisito de completar categorías pero cre habería máis opcións, que se poderían completar outras categorías como por exemplo Auxiliar de Servizos. Engade que non entende a postura do Presidente da Xunta de PAS.

O Presidente da Xunta PAS di que teñen case 60 prazas vacantes e unha Oferta de emprego de 40 prazas ou máis de auxiliares, o lóxico é que pida que se acumulen esas dúas prazas de persoal funcionario xubilado.

O presidente do CEPO solicita tamén que se lles envíe o listado das prazas vacantes que teñen na RPT. Considera que esta reunión é unha primeira toma de contacto polo que agarda ter unha ou dúas reunións máis para ver como quedaría definitivamente a OPE. A priori a proposta de xerencia non lle parece mal áinda que logo da reunión do comité se dará unha resposta concreta.

A Xerenta aclara que efectivamente se enviarán as vacantes o máis axiña posible e di que nesta primeira reunión, no relativo á proposta enviada, non ve argumentos suficientemente fundados para cambiala. Empraza aos presentes a que se reúnan entre eles e unha vez se lles acheguen as vacantes, envíen unha proposta á xerencia.

O presidente do CEO repite que en liñas xerais están de acordo coa proposta de xerencia áinda que habería outras opcións. Di que o convenio colectivo establece que un mínimo do 50% vaia para promoción interna e cre que cando hai unha soa praza debería ir a promoción interna non a libre como figura na proposta de xerencia, non entende que, por coherencia, non se defenda esta postura.


O Presidente do CEPO repite que como Comité non poden emitir ningunha valoración da proposta de xerencia xa que terán a reunión ao día seguinte.

Alejandra Álvarez fai referencia á praza da persoa indefinida non fixa, e di que a persoa que acadou isto por sentenza xudicial debe que ter os mesmos dereitos que un indefinido non fixo ademais de que lle dean a posibilidade de presentarse á praza que está ocupando. Engade que hai moita xurisprudencia neste sentido.

A xerenta responde que efectivamente hai moita xurisprudencia áinda que está a cambiar, xa que están aparecendo sentenzas nas que se di que nunca poden ser fixos. Pero no caso de que se declare por sentenza xudicial que unha persoa é indefinida non fixa, hai que adscribila a un posto e dar a opción a que acceda a esa categoría na que está adscrita, polo tanto ten que ter oportunidade de poder participar nese proceso, por iso se sacou a libre.

Queda emprazada a reunión para a vindeira semana onde se tratará novamente o tema da OPE.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 10:45h

Three handwritten signatures in blue ink are shown. From left to right: 1) A signature consisting of a large, stylized 'M' or 'A' shape followed by a smaller, more fluid signature. 2) A signature consisting of a series of vertical, wavy lines forming a stylized letter 'R' or 'D'. 3) A signature consisting of a series of fluid, sweeping lines. Below the third signature is a circular emblem or seal containing a stylized letter 'Z' or 'G'.

